

Día Internacional da Muller Traballadora: 8 de marzo de 2024

Hai motivos para seguir facendo visible a desigualdade, a pesar da percepción distorsionada da sociedade, como se recolle na última enquisa do CIS, que apunta que o 44% dos homes consideran que a lei agora os discrimina a eles, cando na realidade **segue haber fenda salarial** e as mulleres necesitarían gañar un 24,6% máis para igualar o salario dos homes segundo o “VIII Informe Brecha salarial, suelo pegajoso y Techo de cristal” elaborado polos Técnicos do Ministerio de Facenda (Gestha). O **perfil dunha persoa cuidadora** segue a ser o dunha muller entre 45-65 anos, sen olvidarnos das **violencias que son exercidas contra as mulleres**, 8 de cada 10 casos de agresións sexuais na infancia a vítima é unha nena ou unha adolescente, tal e como recolle o informe 'Silenciadas', elaborado pola organización Save the Children, e un total de 13 foron os asasinatos de mulleres a mans de homes no que levamos de ano 2024 en España.

Por iso este ano, con axuda de todos os departamentos, quixemos empapelar as portas das aulas para enfatizar a importancia que segue tendo o feminismo hoxe en día. Aquí amosamos unha mostra.

